

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE DECEMBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/86/2017.- INMOBILIARIA LEROY MERLIN ESPAÑA, S. L.- Conceder licenza de obras para execución de nave destinada á venda de materiais de construción e bricolaxe na rúa Polonia, 4.

LIC/806/2017.- LUIS MATA QUINTELA.- Conceder licenza de obras para construción dunha nave industrial sen uso específico na rúa María de los Ángeles de la Gándara (de), 24.

LIC/1714/2016.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Aprobación do Plan Director do Conxunto de San Domingos de Bonaval (Fase II) sito na Costa de San Domingos, 3.

LIC/210/2017.- SUSANA RODRÍGUEZ CARBALLO.- Conceder licenza para conservación e mantemento de vivenda unifamiliar na rúa Santa Marta de Abaixo (de), 12.

LIC/1840/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para instalación de ascensor na rúa da Rosa nº 9.

LIC/192/2017.- JAIME GARCÍA SOUTO.- Autorizar a excepcionalidade das condicións de habitabilidade, remitir copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a ampliación de baixo cuberta e pequena remodelación interior de vivenda unifamiliar sita na rúa Vista Alegre (de), 175.

LIC/881/2017.- JAVIER REY LÓPEZ.- Conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Porto de Amio (do), 1.

LIC/174/2015.- LETICIA OTERO BARRAL.- Conceder a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela do 02 de outubro de 2015 para a construción dunha vivenda unifamiliar en LG Torre da Enfesta (A), 19.

DESFAVORABLE.-

LIC/408/2017.- EDUARDO MANUEL RIOS MARCOS.- Denegar a solicitude de segregación e posterior agrupación de fincas relativa as parcelas con R.C.: 15076A510017560000FQ e R.C.: 00100500NH44C0001TZ sitas en San Martiño de Aríns.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para a execución de nave destinada á venda de materiais de construción e bricolaxe na rúa Polonia, 4. LAP/86/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para construción dunha nave industrial sen uso específico na rúa María de los Ángeles de la Gándara (de), 24. LIC/806/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á probación do Plan Director do Conxunto de San Domingos de Bonaval (Fase II) sito na Costa de San Domingos, 3. LIC/1714/2016. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para conservación e mantemento de vivenda unifamiliar na rúa Santa Marta de Abaixo (de), 12. LIC/210/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para instalación de ascensor na rúa da Rosa nº 9. LIC/1840/2016. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á Autorizar a excepcionalidade das condicións de habitabilidade, remitir copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a ampliación de baixo cuberta e pequena remodelación interior de vivenda unifamiliar sita na rúa Vista Alegre (de), 175. LIC/192/2017. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Porto de Amio (do), 1. LIC/881/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela do 02 de outubro de 2015 para a construción dunha vivenda unifamiliar en LG Torre da Enfesta (A), 19. LIC/174/2015. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da solicitude de segregación e posterior agrupación de fincas relativa as parcelas con R.C.: 15076A510017560000FQ e R.C.: 00100500NH44C0001TZ sitas en San Martiño de Aríns. LIC/408/2017. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago, FINSA e ALUMNI-USC para a rotulación das especies arbóreas singulares existentes no parque da Alameda. Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución da fianza do contrato de "Deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e 31 de xullo, das festas do Apóstolo 2016 da cidade de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á suspensión do inicio das "Obras de Reforma do pavillón municipal do Apóstolo Santiago". Acórdase a suspensión do inicio das obras ata o mes de maio de 2018, para garantir o normal desenvolvemento da programación deportiva xa comprometida no pavillón Apóstolo Santiago. A empresa contratista renuncia expresamente a calquera reclamación de danos e prexuízos.

14.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde dando conta da adhesión do Concello de Santiago ao convenio de colaboración entre este, a Xunta de Galicia e a FEGAMP para programas de atención e protección da saúde. Dase conta da adhesión do Concello de Santiago ao convenio de colaboración. A Xunta contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no convenio con 532.531,71 euros.

15.- Proposta da concellería delegada de Políticas Sociais dando conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a USC "para o programa de Formación, Difusión e Promoción do Voluntariado, a participación social e a cooperación na comunidade universitaria". Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 8.000 euros.

16.- Proposta da concellería delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación cultural TEMPO CON XEITO. Apróbase o convenio.

17.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello e a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio nominativo entre o Concello e a Asociación Cultural O GALO 2017. Apróbbase a proposta.

19.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio nominativo entre o Concello e a Fundación ROSALÍA DE CASTRO 2017. Apróbbase a proposta.

20.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio nominativo entre o Concello e a Asociación cultural e musical SOLFA 2017. Apróbbase a proposta.

21.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio nominativo entre o Concello e o curso universitario internacional MÚSICA EN COMPOSTELA. 2017. Apróbbase a proposta.

22.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio nominativo entre o Concello e o CLUB ATLETISMO FONTES DO SAR 2017. Apróbbase a proposta.

23.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio nominativo entre o Concello e a SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA 2017. Apróbbase a proposta.

24.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio nominativo entre o Concello e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA 2017. Apróbbase a proposta.

25.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do primeiro prazo do convenio nominativo entre o Concello e SANTIAGO FUTSAL 2017. Apróbbase a proposta.

26.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade dando conta da sinatura do convenio entre o concello e a USC para actividades dirixidas á "Formación, Difusión e Sensibilización en materia de igualdade de xénero". Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 11.000 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á xustificación do convenio nominativo entre o Concello e a fundación USC DEPORTIVA para o programa VERÁN CAMPUSC 2017: MÓDULO ESPECÍFICO DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE 2017. Apróbbase a proposta.

28.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o Concello e CÁRITAS DIOCESANA para o programa de acompañamento a mulleres en contextos de prostitución familiar 2017. Apróbbase a proposta.

29.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da xustificación dos gastos do convenio entre o Concello e a USC para o programa universitario de MAIORES IV CICLO. Apróbbase a proposta.

30.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da xustificación dos gastos do convenio entre o Concello e o IES ROSALÍA DE CASTRO para o financiamento do BACHARELATO INTERNACIONAL 2017. Apróbbase a proposta.

31.- Dar conta da concesión dunha subvención concedida pola Xunta de Galicia para inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. Ano 2017-2018. Dase conta da concesión da subvención solicitada á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, por importe de 131.899,46 euros.